

Esta iniciativa é paralela á campaña estatal “Por una Ley de Educación Social”, impulsada polo Consejo General de Colegios de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES) a nivel estatal. Dita campaña xa leva recabados multitude de apoios tanto de profesionais da Educación Social como do resto da cidadanía, así como de institucións públicas (deputacións, concellos, universidades...)

#PorunaleydeEducaciónSocial
#leigalegaeducaciónsocial



ceesg@ceesg.org

tlf. 981552206

Por que unha Lei Galega de Educación Social?

Porque a educación é un tema moi serio que precisa de control e supervisión para que se dean servizos de calidade.

Porque evitaremos o intrusismo que dificulta o noso traballo e desvirtúa a nosa función socioeducativa.

Porque unha profesión regulada é garantía de profesionalidade, neste caso, no acompañamento, trato e atención ás persoas.

Porque permitíranos dar a coñecer a educación social como unha profesión transformadora de contextos e de persoas.

Porque as posibilidades para acreditar os nosos ámbitos de traballo deben ser diversos, de xeito que se permitan activar os mecanismos que regulen cada un dos servizos que ofrecemos en cada contexto socioeducativo que traballamos.

Para evitar a precariedade laboral nos nosos ámbitos de traballo (infancia, servizos sociais, maiores, cultura, educación regrada e non regrada, sanidade, discapacidade, prisións, mulleres, inmigrantes...)

Como participar da campaña?

- ⇒ Descarga o modelo de petición na nosa web: **ceesg.gal**.
- ⇒ Podes presentar peticións **doutras persoas** e sen que sexan educadoras/es sociais. Escolle o modelo de petición que máis che conveña: entidades, cidadanía ou persoas colexiadas.
- ⇒ Anímate a facer unha foto e compártea na páxina de facebook **Eu quero unha lei de Educación Social**.
- ⇒ Se non o fixeches aínda, podes presentar tamén a solicitude de lei estatal. Atoparás o modelo na nosa web.
- ⇒ Tamén podes presentar ao teu concello ou a algún dos seus grupos políticos unha proposta de moción de apoio á lei para que aproben no municipio.

*Non esperes máis,
súmate á nosa reclamación.*

#leigalegaeducaciónsocial